

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 100.- JMIC		
Documento	Expediente	
CON10I0CV	CON/59/2015	



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Prestación do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais..

TIPO DE LICITACIÓN: 23.000 euros/ano euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 19 de abril de 2016, ás 10:10 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. Noa Morales Sánchez

Vocais: D. Xan Duro, representante do grupo CA.
 D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
 D. Gonzalo Muñíos, representante do grupo PSOE.
 D. Rubén Cela representante do grupo BNG.
 D. Pablo Martín, xefe de sección de medio ambiente.
 Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
 D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten: D. José A. Balsa Santos, en representación da empresa LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	12/04/2016	17.144	ARUMIA SL
2	13/04/2016	17.209	LIMPERGAL, S. L.(*).
3	13/04/2016	17.214	PLAGAL SANIDAD AMBIENTAL
4	13/04/2016	17.238	RENTOKIL INITIAL ESPAÑA, S.A.
5	13/04/2016	17.249	INSA. INDUSTRIA DE LA SALUD FERROL, SL
6	13/04/2016	17.298	CALEFACCIONES SIMON, SL
7	13/04/2016	17.306	CONTROL DE PLAGAS ANDRADE SL
8	13/04/2016	17.326	AGRO NERGA, S.L.
9	13/04/2016	17.336	COSAPLAG, SLU
10	14/04/2016	17.541	OTRAPLASA, S.L.(*).
11	14/04/2016	17.543	ANTICIMEX 3D SANIDAD AMBIENTAL, S.A.U.(*).
12	14/04/2016	17.551	SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL SA (*).
13	14/04/2016	17.553	LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A. (*).
14	15/04/2016	17.787	ILUNION LIMPIEZA Y MEDIAMBIENTE SA (*).

*Proposición recibida por correo

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC	
Documento CON1010CV	Expediente CON/59/2015



A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros/ano IVA excluído)
1	ARUMIA SL	20.012
2	LIMPERGAL, S. L.(*).	19.868
3	PLAGAL SANIDAD AMBIENTAL	17.890
4	RENTOKIL INITIAL ESPAÑA, S.A.	19.480,40
5	INSA. INDUSTRIA DE LA SALUD FERROL, SL	14.810
6	CALEFACCIONES SIMON, SL	19.752
7	CONTROL DE PLAGAS ANDRADE SL	19.550
8	AGRO NERGA, S.L.	14.795
9	COSAPLAG, SLU	18.150
10	OTRAPLASA, S.L.(*).	16.473,05
11	ANTICIMEX 3D SANIDAD AMBIENTAL, S.A.U.(*).	19.039
12	SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL SA (*)	17.150
13	LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A. (*)	14.957,17
14	ILUNION LIMPIEZA Y MEDIAMBIENTE SA (*)	31.912

Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada por cada un deles en todo o proceso licitatorio.

Ás 10:40 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vª E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA





Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC	
Documento CON10I0CV	Expediente CON/59/2015

15078DCON10I0CV1



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Prestación do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por leixonela nas instalacións deportivas municipais..

TIPO DE LICITACIÓN: 23.000,00 euros/ano máis IVE.

PROCEDIMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 10 de maio de 2016, ás 9:14 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vocais:

- D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muñíos, representante do grupo PSOE.
- D. Rubén Cela representante do grupo BNG.
- D. Pablo Martín, xefe de sección de medio ambiente.
- Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
- D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adxudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

Da análise do referido informe despréndese que quen acadou a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas, é o licitador AGRO NERGA, S.L.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador AGRO NERGA, S.L, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 14.795 euros/ano IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9:20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA

INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN

ASUNTO: VALORACIÓN DAS PROPOSTAS PRESENTADAS RESPECTO DO PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO SERVIZO DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE DISPOSITIVOS DE AUGA QUENTE SANITARIA E AUGA FRÍA DE CONSUMO HUMANO PARA O CONTROL E PREVENCIÓN DA CONTAMINACIÓN POR LEXIONELA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

A petición da mesa de contratación do procedemento arriba indicado e examinadas as propostas presentadas polas licitadoras relativas aos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes e incluídas no sobre 2 deste procedemento, os técnicos que subscriben informan o que a continuación se detalla.

Son obxecto de valoración as seguintes empresas:

1. Arumia, SL
2. Limpergal, SL
3. Plagal Sanidad Ambiental
4. Rentokil Initial España, SA
5. INSA Industria de la Salud Ferrol, SA
6. Calefacciones Simón, SL
7. Control de Plagas Andrade, SL
8. Agronerga, SL
9. Cosaplag, SLU
10. Otraplaza, SL
11. Anticimex 3D Sanidad Ambiental, SAU
12. Sanal Control Medioambiental, SA
13. Lacera Servicios y Mantenimiento, SA
14. Ilunión Limpieza y Mediambiente, SA

Os criterios de adxudicación a considerar no presente informe son os que se recollen no apartado 10.3 do PCAP, que de forma extractada establecen o seguinte.

Criterio 1.- Valorarase que a empresa realice un tratamento de desinfección e desinsectación das instalacións de acordo co seguinte baremo e ata un máximo de **49 puntos**, segundo o seguinte desglose:

Instalación tipo A: 8 puntos

1. Estadio de San Lázaro

Instalación tipo B: 3 puntos por cada instalación

2. Polideportivo de Pio XII
3. Campo de fútbol de Santa Isabel
4. Campo de fútbol de San Lázaro (Sergas)
5. Polideportivo de Fontiñas
6. Polideportivo Lorenzo de la Torre
7. Campos de fútbol de Conxo

Instalación tipo C: 2 puntos por cada instalación

8. Campo de fútbol de Grixoa
9. Campo de fútbol das Cancelas
10. Campo de fútbol de Vilvestro

11. Polideportivo de Santa Isabel
12. Polideportivo de Vite
13. Polideportivo de Restollal
14. Polideportivo de Pontepedriña
15. Polideportivo de Roxos
16. Polideportivo de Monte dos Postes

Instalacións tipo D: 1 punto por cada unha delas.

17. Campo de fútbol de Belvís
18. Campo de fútbol de Bando
19. Campo de fútbol de Marrozos
20. Campo de fútbol de Lamas de Abade
21. Polideportivo Apostol Santiago
22. Polideportivo Quiroga Palacios
23. Polideportivo de Vite Colexio
24. Polideportivo de Lamas de Abade

Criterio 2.- Oferta económica. As empresas clasificaranse inicialmente pola orde de mellor a peor, segundo o criterio do "prezo máis baixo". Obtida a orde de prelación segundo o criterio anterior, outorgaráselle a puntuación máxima (51 puntos) á oferta máis baixa, aplicándolle ao resto das ofertas a fórmula seguinte para determinar a súa puntuación:

$$P_n = (P_m \times O_b) / O_n$$

P_n: puntuación da oferta

P_m: puntuación máxima posible

O_b: importe da oferta máis baixa

O_n: importe da oferta que hai que puntuar

Non obstante, antes de emitir o citado informe, quérese poñer de manifesto unha serie de carencias que se atoparon na documentación presentada nalgunha das ofertas, que poden condicionar o informe final.

Empresa Arumia S.L.:

Non figura dentro da súa oferta o prezo individualizado para cada unha das instalacións obxecto do contrato, tal e como se require no prego técnico.

Empresa Limpergal, S.L.:

O Decreto 9/2001, de 11 de xaneiro, polo que se regulan os criterios sanitarios para a prevención da contaminación por Lexionela nas instalacións térmicas, normativa aínda en vigor dentro da nosa comunidade autónoma, establece no seu capítulo III "Mantemento preventivo frente a lexionelosis", concretamente no artigo 4º, punto 4 o seguinte "En calquera caso, ao longo do período de funcionamento normal das instalacións aplicarase, como mínimo, un programa de mantemento e desinfección preventivo cada seis meses, coincidindo co inicio da primavera e do outono". Isto quere dicir que é obrigatorio facer dous tratamentos ao ano.

O protocolo de actuación presentado pola empresa para este servizo fai constar que realizará un tratamento anual de limpeza e desinfección, polo que non cumpre co esixido na citada norma.



Empresa Plagal Sanidad Ambiental:

O protocolo de actuación presentado pola empresa para este servizo fai constar que realizará un tratamento anual de limpeza e desinfección, polo que non cumpre co esixido na norma citada anteriormente.

Empresa Rentokil Initial España, S.A.:

O protocolo de actuación presentado pola empresa para este servizo fai constar que realizará un tratamento anual de limpeza e desinfección, polo que non cumpre co esixido na norma de aplicación e citada con anterioridade.

Empresa Calefacciones Simón, S.L.:

Non figura dentro da súa oferta o prezo individualizado para cada unha das instalacións obxecto do contrato, tal e como se require no prego técnico.

Empresa Control de Plagas Andrade, S.L.:

Non figura dentro da súa oferta o prezo individualizado para cada unha das instalacións obxecto do contrato, tal e como se require no prego técnico.

Empresa Otraplaza, S.L.:

O protocolo de actuación presentado pola empresa para este servizo fai constar que realizará un tratamento anual de limpeza e desinfección, polo que non cumpre co esixido na norma de aplicación e citada con anterioridade.

Empresa Anticimex 3D Sanidad Ambiental, S.A.U.:

O protocolo de actuación presentado pola empresa para este servizo fai constar que realizará un tratamento anual de limpeza e desinfección, polo que non cumpre co esixido na norma de aplicación e citada con anterioridade.

Empresa Lacera Servicios y Mantenimiento, S.A.:

Non figura dentro da súa oferta o prezo individualizado para cada unha das instalacións obxecto do contrato, tal e como se require no prego técnico.

Empresa Ilunión Limpieza y Mediambiente, S.A.:

O protocolo de actuación presentado pola empresa para este servizo fai constar que realizará un tratamento anual de limpeza e desinfección, polo que non cumpre co esixido na norma citada anteriormente.

Non figura dentro da súa oferta o prezo individualizado para cada unha das instalacións obxecto do contrato, tal e como se require no prego técnico.

En virtude do exposto, os técnicos que subscriben á vista das carencias que presentan as ofertas das empresas citadas anteriormente **propoñen a súa non consideración**, dado que non cumpren con algunha das especificacións establecidas no prego técnico polo que, salvo opinión contraria da mesa de contratación, non serán obxecto de valoración no presente informe.

Procédese, polo tanto, a valorar o resto de ofertas segundo os criterios de adxudicación indicados no inicio deste informe.

**TRATAMENTO DE DESINFECCIÓN E DESINSECTACIÓN DAS INSTALACIÓNS OBXECTO DE CONTRATO.
49 PUNTOS**

1.- EMPRESA INSA INDUSTRIA DE LA SALUD FERROL, S.L.

Comprométese á realización dun tratamento de desinsectación, pero non especifica a realización dun tratamento de desinfección.

Segundo se establece no prego, esta mellora implica a realización dos dous tratamentos - desinfección e desinsectación-, requisito que se considera necesario para poder ser puntuada. Tendo en conta que a empresa só especifica o seu compromiso para a realización dun dos tratamentos (desinsectación), non se pode valorar a súa proposta.

→ Puntuación outorgada segundo o baremo: 0 puntos.

2.- EMPRESA AGRONERGA, S.L.

Comprométese á realización dun tratamento de desinfección e desinsectación a realizar na totalidade das instalacións obxecto do contrato, sen custo algún para o Concello de Santiago.

→ Puntuación outorgada segundo o baremo: 49 puntos.

3.- EMPRESA COSAPLAG, S.L.U.

Comprométese á realización dun tratamento de desinfección e desinsectación a realizar na totalidade das instalacións obxecto do contrato, sen custo algún para o Concello de Santiago.

→ Puntuación outorgada segundo o baremo: 49 puntos.

4.- EMPRESA SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL, S.A.

Comprométese á realización dun tratamento anual de desinfección e desinsectación a realizar na totalidade das instalacións obxecto do contrato, sen custo algún para o Concello de Santiago.

→ Puntuación outorgada segundo o baremo: 49 puntos.

2.- OFERTA ECONÓMICA. 51 PUNTOS

1.- EMPRESA INSA INDUSTRIA DE LA SALUD FERROL, S.L.

Oferta a cantidade de 14.810 €/ano, máis iva.

2.- EMPRESA AGRONERGA, S.L.

Oferta a cantidade de 14.795 €/ano, máis iva.

3.- EMPRESA COSAPLAG, S.L.U.

Oferta a cantidade de 18.150 €/ano, máis iva.

4.- EMPRESA SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL, S.A.

Oferta a cantidade de 17.150 €/ano, máis iva.

Vistas as ofertas económicas, a proposta máis baixa é a presentada pola empresa AGRONERGA, S.L., polo que lle corresponde a máxima puntuación, valorándose o resto de forma proporcional segundo a fórmula establecida no PACP e indicada ao inicio deste informe.

Tendo en conta o exposto, o cadro final de puntuación deste apartado ordenado de maior a menor puntuación, é o seguinte:

NOME DA EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN
AGRONERGA, S.L.	14.795 €	51 puntos
INSA INDUSTRIA DE LA SALUD FERROL, S.L.	14.810 €	50,95 puntos
SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL, S.A.	17.150 €	44,00 puntos
COSAPLAG, S.L.U.	18.150 €	41,57 puntos

RESUMO FINAL DA PUNTUACIÓN

Unha vez valoradas as propostas presentadas polas empresas citadas ao longo deste informe para a prestación do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por *Legionella* nas instalacións deportivas municipais e, salvo erro involuntario na súa avaliación, a puntuación final deste proceso ordenadas as empresas de maior a menor, quedaría da seguinte forma:

NOME DA EMPRESA	CRITERIO 1: DESINFECCIÓN E DESINSECTACIÓN	CRITERIO 2: OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN FINAL
AGRONERGA, S.L.	49 puntos	51 puntos	100,00 PUNTOS
SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL, S.A.	49 puntos	44 puntos	93,00 PUNTOS
COSAPLAG, S.L.U.	49 puntos	41,57 puntos	90,57 PUNTOS
INSA INDUSTRIA DE LA SALUD FERROL, S.L.	0 puntos	50,95 puntos	50,95 PUNTOS

En conclusión, a oferta que acada a máxima puntuación é a presentada pola empresa AGRONERGA, S.L.

É canto temos que informar aos efectos oportunos, salvo opinión mellor fundada.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2016

Asdo.: **Pablo Martín Quinteiro**
XEFE DE SECCIÓN DE MEDIO
AMBIENTE E SANIDADE



Asdo.: **Juan C. Garabato Rodríguez**
TÉCNICO EN PROGRAMACIÓN E XESTIÓN
DEPORTIVA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC	
<i>Documento</i> CON1010CV	<i>Expediente</i> CON/59/2015



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Prestación do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexiónela nas instalacións deportivas municipais..

TIPO DE LICITACIÓN: 23.000,00 euros/ano máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 24 de maio de 2016, ás 9:52 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal.

Vocais:


- D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
- D. Pablo Martín, xefe de sección de medio ambiente.
- Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
- D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, AGRO NERGA, S.L, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9:58 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA

